

## ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **24 de outubro de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidenta, dona Rosana Rielo Rozas
- Polo Grupo Municipal Socialista: dona Esther Muñoz Mella
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP: don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral: don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica: dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación: dona Ana Tabarés Martínez, actuando como Secretaria.

### **1.- Aprobación e sinatura, se procede, da acta da sesión do día 17 de outubro de 2014.**

Procedeuse a súa aprobación e sinatura.

### **2.- Propostas para ditame e valoración:**

#### **- De Deportes**

- Para apertura e adaptación a normativa da porta de acceso ó polideportivo do Pombal (Lugo), por importe de 5.748,18 euros, a favor da empresa **SOLUCIÓN INTELI XENTES PROFESIONAIS, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### **- De Informática**

- Para a adquisición dunha cabina con deduplicación in-line con 6TB de almacenamento, por importe de 9.592,88 euros, a favor da empresa **IPM ESPAÑA.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### **- De Cultura**

- Para deseño e impresión de 600 marcapáxinas, contos de medo que deixan durmir, contos ao revés, conto de saponcio e a sapa rebelde e o conto

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 24-10-14.doc

Asunto:

¿Quieres que cho conte?, por importe de 1.027,40 euros, a favor das empresas: **FUTURGRAFFIC** (deseño e impresión de 600 marcapáxinas), **A TRASTENDA DOS CONTOS** (contos de medo que deixan durmir), **XANELA OCIO E ANIMACIÓN** (Contos ao revés), **Mª LUISA IRIMIA PALMEIRO** (Saponcio e a sapa rebelde), **PALOMA LUGILDE RODRÍGUEZ** (Quieres que cho conte?).

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Arquivo

- Para a adquisición de armarios compactus (estanterías móbiles), por importe de 10.767,79 euros, a favor da empresa **EYPAR**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Cemiterio

- Para a adquisición de material de limpeza necesario, por importe de 495,81 euros, a favor da empresa **PROINDEX, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### - De Oficina Plan Urban

- Para a adquisición de materiais necesarios para a decoración de 10 postos da Praza de Abastos, por importe de 601,65 euros, a favor da empresa **ANNANACOL, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

## 3. Facturas para ditame

- Dación do decreto número 14009615, de data 23-10-2014, de aprobación de determinadas facturas.

## 4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.